XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CENTRO PUBLICO INTEGRADO DO TOURAL
Toural nº 34 36141 - Vilaboa ( Pontevedra )
Teléfono: 886 151 766 Fax: 886 151 769
e-mail: cpi.toural@edu.xunta.es

Organización de las Naciones Unidas para la Educación, la Ciencia y la Cultura
Miembro de Escuelas Asociadas de la UNESCO

# PROGRAMACIÓN

# ANUAL INGLÉS

# Ed. Infantil e Primaria

## Curso 2022- 2023

**C.P.I DO TOURAL**

**Toural – Vilaboa – Pontevedra**

# ÍNDICE

**1 .INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN ........ 3**

1.1 Introdución ........ 3

1.2 Contextualización ........ 4

**2. COMPETENCIAS CLAVE ........ 5**

2.1 Competencias clave esta materia ........ 6

**3. OBXECTIVOS ........ 7**

**4. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ........ 9**

**5. METODOLOXÍA ........ 26**

**6. MATERIAIS E RECURSOS ........ 28**

**7. CRITERIOS AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO ........ 29**

**8. EDUCACIÓN EN ELEMENTOS TRASVERSAIS ........ 30**

**9. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE ........ 31**

**10. PROPOSTAS DE MELLORA ........ 32**

**11. MEDIDAS ADOPTADAS POLA PANDEMIA COVID 19 ........ 32**

# 1. INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

## 1.1 Introdución

As linguas son instrumentos de comunicación e de coñecemento, vehículo dos sistemas de valores e das expresións culturais e factor determinante da identidade dos pobos e das persoas. Coa lingua somos quen de expresar sentimentos e emocións, interactuamos co medio, creamos culturas e facemos que estas perduren a través dos tempos.

No mundo actual, cada vez máis globalizado, onde están a desaparecer os límites xeográficos da comunicación, a aprendizaxe de linguas estranxeiras constitúe unha necesidade e unha posibilidade ilimitada de achegamento, por unha parte, á información, ao coñecemento e ás tecnoloxías e, pola outra, a distintos formas e estilos de vida e maneiras de pensar de diferentes culturas.

Na sociedade europea actual, a **competencia multilingüe** estase a conformar como un aspecto esencial para a protección e o desenvolvemento da herdanza lingüística como fonte de enriquecemento mutuo. Esta permitiralles aos individuos relacionar de modo significativo as distintas culturas ás que teñen acceso mediante os seus coñecementos lingüísticos e lograr unha mellor compresión delas ata configurar a competencia pluricultural, da cal a competencia plurilingüe é un dos compoñentes. Todo isto ha facilitará a mobilidade plena das persoas e o intercambio democrático de ideas.

A **realidade galega** está conformada por unha comunidade de falantes que coñecen dúas linguas, o galego e o castelán, e que están a aprender polo menos, unha lingua estranxeira. Isto, máis a integración na nosa sociedade de persoas procedentes doutros países de Europa e do resto do mundo, constitúe unha característica dos contornos de aprendizaxe escolar das linguas, en si mesmos plurilingües e, desde o punto de vista metodolóxico, integradores. Neles débese tirar proveito, non só das destrezas e coñecementos desenvoltos en cada unha das linguas, senón tamén da simple presenza de idiomas descoñecidos, referente real das diferenzas lingüísticas e culturais, incidindo na riqueza que tal feito implica. Seguindo as indicacións do Consello de Europa no Marco Común Europeo de Referencia e no novo Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

O Marco Común Europeo de Referencia promove o coñecemento das diversas linguas e culturas, polo que este currículo ten tamén a finalidade de favorecer a comunicación entre

iguais, eliminar barreiras, prexuízos e estereotipos e enriquecer persoalmente as nenas o os nenos. Na educación primaria, o estudo da lingua estranxeira terá como meta a paulatina familiarización coa nova lingua e a súa utilización en situacións de comunicación sinxelas e significativas para os nenos e para as nenas desa idade. As linguas apréndense de moitas maneiras, pero o que se ensina e o que aprende o alumnado está condicionado, entre outros factores, polo conxunto de medios e materiais utilizados. Así, as tarefas e os materiais deben ser variados e adaptados ás características do alumnado ao que van dirixidos e ás finalidades da aprendizaxe da lingua estranxeira. Pola súa parte, a utilización das TIC ofrece a posibilidade de respectar o ritmo de aprendizaxe de cada alumno e cada alumna, de acceder a contidos reais e adecuados ao seu nivel e intereses ou de establecer contactos con alumnas e alumnos de todo o mundo falantes desa lingua a través dos recursos informáticos que internet pon á súa disposición (correo electrónico, chats, foros, etc.), así como de iniciarse, no caso da educación primaria, á competencia básica de aprender a aprender utilizando este instrumento.

Así, o currículo de lingua estranxeira para a educación primaria promove un **ensino integrador das linguas**, baséase no desenvolvemento progresivo da competencia comunicativa e da competencia intercultural e impulsa a utilización das diversas linguaxes que posibilitan a comunicación: verbal, non verbal, audiovisual e dixital.

### 1.2 Contextualización

Con relación ao contexto dita programación vai ser levada a cabo no CPI do Toural ubicado no concello de Vilaboa na provincia de Pontevedra.

A lingua falada por unha grande maioría de habitantes do concello é a galega, se ben nos últimos anos moitos pais e nais falan cos seus fillos en castelán.

O alumnado deste centro é moi heteroxéneo. Hai un número significativo de nenos e nenas de procedencia marroquí e unha proporción pequena de alumnado de etnia xitana.

Por outra banda, hai diferenzas significativas na procedencia sociocultural o que repercute na diversidade que se atopa na aula e que supón un reto na atención individualizada.

En Educación Infantil e 1º e 2ª será impartida por Alejandra Garrido Aguete e nos cursos restantes por Mercedes Fernández Prego.

| Curso | Nº de alumnos/as |
|---|---|
| Infantil | 10 |
| 1º Primaria | 13 |
| 2º Primaria | 21 |
| 3º Primaria | 17 |
| 4º Primaria | 14+14 |
| 5º Primaria | 19 |
| 6º Primaria | 25 |

O alumnado en xeral, ten un nivel medio de inglés, polo que debemos traballar dende o principio as rutinas, que dan paso aos contidos que seleccionamos.

## 2. COMPETENCIAS CLAVE

A reforma educativa, seguindo as recomendacións do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de decembro de 2006, da UNESCO e da OCDE, entre outras, baséase na potenciación da aprendizaxe por competencias, como complemento á aprendizaxe de contidos. Na definición que a Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) fai do currículo, atopámonos cos elementos que determinan os procesos de ensinanza e aprendizaxe entre os que se atopan as competencias clave. Propóñense novos enfoques na aprendizaxe e avaliación, o que supón un importante cambio dirixido a aquilo que o alumnado asimila e é capaz de facer, sobre todo polo que respecta ás competencias básicas que se consideran prioritarias de cara ó desenvolvemento do alumnado.

No noso sistema educativo considérase que as competencias clave que debe ter o alumno cando remata a súa escolaridade obrigatoria para enfrontarse ós retos da súa vida persoal e laboral son as seguintes:

.1 Competencia en comunicación lingüística (CCL).

.2 Competencia matemática e comp. básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).

.3 Competencia dixital (CD).

.4 Aprender a aprender (CAA).

.5 Competencias sociais e cívicas (CSC).

.6 Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

.7 Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Os cursos pares seguen acollidos a esta lei educativa. Os impares, acolloranse á nova lei educativa.

### 2.1 Competencias clave nesta materia

Imos expoñer os aspectos máis relevantes no noso proxecto, a expensas do que a práctica educativa diaria poida aconsellar en cada momento:

- **Competencia en comunicación lingüística:**

O estudo dunha lingua estranxeira contribúe ao desenvolvemento desta competencia dun xeito directo, completando, enriquecendo e enchendo de novos matices comprensivos e expresivos esta capacidade comunicativa xeral. A competencia en comunicación lingüística refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conduta.

- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.**

Utilizar os números e as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e razoamento matemático para producir e interpretar informacións, para coñecer máis sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade e para resolver problemas relacionados coa vida diaria. Forma parte da competencia matemática a habilidade para interpretar e expresar con claridade e precisión informacións, datos e argumentacións.

Son parte desta competencia o uso de ferramentas e máquinas tecnolóxicas, os datos científicos para alcanzar obxectivos baseados en probas.

- **Competencia dixital**

A competencia dixital proporciona un acceso inmediato a un fluxo incesante de información que aumenta cada día. O coñecemento dunha lingua estranxeira ofrece a posibilidade de comunicarse utilizando as novas tecnoloxías creando contextos reais e funcionais de comunicación. Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para procurar, obter, procesar e comunicar información e transformala en coñecemento.

- **Competencia para aprender a aprender**

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira inclúe contidos directamente relacionados coa reflexión sobre a propia aprendizaxe. Isto comporta a conciencia daquelas capacidades que entran en xogo na aprendizaxe como a atención, a concentración, a memoria, a comprensión, a expresión lingüística e a motivación do logro entre outras.

- **Competencias sociais e cívicas**

As linguas serven aos falantes para comunicarse socialmente, pero tamén son vehículo de comunicación e transmisión cultural. Aprender unha lingua estranxeira implica o coñecemento de trazos e feitos culturais vinculados ás diferentes comunidades de falantes desta.

Este feito favorece a comprensión da realidade social en que se vive, o respecto, o recoñecemento e a aceptación de diferenzas culturais e de comportamento, promove a tolerancia e a integración e axuda a comprender e apreciar tanto os trazos de identidade coma as diferenzas.

- **Conciencia e expresións culturais**

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira colabora no desenvolvemento desta competencia se os modelos lingüísticos que se utilizan conteñen, aínda coas limitacións desta etapa, producións lingüísticas con compoñente cultural. Trátase, polo tanto, dunha competencia que facilita tanto expresarse e comunicarse como percibir, comprender e enriquecerse con diferentes realidades e producións do mundo da arte e da cultura.

## 3. OBXECTIVOS

Ao remate de sexto curso de primaria, a través das distintas actuacións e actividades ao longo dos distintos cursos, desenvolveranse nos nenos e nas nenas as capacidades que lles

permitan:

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así coma nos grupos sociais cos que se relacionan.

d) Coñecer, comprender e respectar as culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres, e a non-discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.

e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas linguas.

f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.

h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención ós relacionados e vinculados con Galicia.

i) Iniciarse no uso das tecnoloxías da información e da comunicación para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciban e elaboren.

j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ó ser humano e adoptar modos de

comportamento que favorezan o seu coidado.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en tódolos ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, ós prexuízos de calquera tipo e ós estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.

n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, salientando as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade.

## 4. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Os estándares de aprendizaxe avaliables, grao mínimo, temporalización, criterios para a cualificación (instrumentos de avaliación e procedementos) poden obser

## TEMPORALIZACIÓN, PONDERACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DO CURSO

| | | | |
|---|---|---|---|
| **CURSO** | Inglés primaria | | |
| **NIVEL** | 2º PRIMARIA | **ÁREA** | Primeira Lingua Estranxeira (PLE) |

| **Criterio de avaliación** | **Estándares** | **Grao mínimo para superar a área** Indicador mínimo de logro | **T 1** | **T 2** | **T 3** | **CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN** Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación (%)* | **C.C.** |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Bloque 1: Comprensión de textos orais** | | | | | | | |
| PLE-B1.1 | 2º-PLEB1.1 - Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves, e moi sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión. | Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br>INSTRUMENTOS: Escala de observación. | CCL |
| PLE-B1.2 | 2º-PLEB1.2 - Comprende vocabulario básico sobre temas familiares a través de apoio visual. | Comprende vocabulario básico sobre temas familiares | X | | | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br>INSTRUMENTOS: Diario de clase. | CCL |
| PLE-B1.3 | 2º-PLEB1.3 - Comprende preguntas básicas(nome, idade e gustos) sobre si mesmo/a e dos e das demais. | Comprende preguntas básicas sobre si mesmo/a e dos e das demais. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.<br>INSTRUMENTOS: Asamblea. | CCL<br>CAA |
| PLE-B1.4 | 2º-PLEB1.4 - Sigue instrucións e comprende peticións relativas á vida escolar e da súa contorna (Open/close the book, sit down). | Segue instrucións e comprende peticións relativas á vida escolar e da súa contorna | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br>INSTRUMENTOS: Diario de clase. | CCL |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Bloque 2: Producións de textos orais** | | | | | | | |
| PLE-B2.1 | 2º-PLEB2.1 - Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a un mesmo e dos e das demais (dicir o seu nome e idade, a cor do pelo e os ollos, presentar á súa familia, indicar as súas preferencias) cunha pronuncia e entoación comprensibles. | Fai presentacións moi breves e elementais sobre temas moi próximos a un mesmo e dos e das demais | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Posta en común. Diario de clase. | CCL |
| PLE-B2.2 | 2º-PLEB2.2 - Pregunta e responde para dar/obter información en conversas básicas (nome, idade, gustos). | Pregunta e responde para dar/obter información | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Posta en común. Diario de clase. | CCL |
| PLE-B2.3 | 2º-PLEB2.3 - Amosa unha actitude de escoita atenta | Amosa unha actitude de escoita atenta | | X | X | PROCEDEMENTOS: Observador externo.<br><br>INSTRUMENTOS: Observador externo. | CSC |
| PLE-B2.3 | 2º-PLEB2.4 - Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos. | Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Producións orais. Xogos de simulación e dramáticos. | CLC |
| PLE-B2.3 | 2º-PLEB2.5 - Amosa unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira. | Amosa unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observador externo.<br><br>INSTRUMENTOS: Observador externo. | CSC |
| **Bloque 3: Comprensión de textos escritos** | | | | | | | |
| PLE-B3.1 | 2º-PLEB3.1 - Comprende palabras e frases simples en textos moi sinxelos relacionadas cos temas traballados previamente de | Comprende palabras e frases simples en textos moi sinxelos | | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Diario de clase. | CCL |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | forma oral. | | | | | | |
| PLE-B3.2 | 2º-PLEB3.2 - Comprende a idea principal dunha historia sinxela acompañada de apoio visual e identifica os e as personaxes principais. | Comprende a idea principal dunha historia sinxela acompañada de apoio visual | | | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Diario de clase. | CCL |
| PLE-B3.3 | 2º-PLEB3.3 - Fai hipóteses sobre o tema dun texto elemental a partir do titulo do mesmo e das imaxes que o ilustran. | | | | | PROCEDEMENTO<br><br>S:<br><br>INSTRUMENTOS: | CCL<br>CAA |
| PLE-B3.4 | 2º-PLEB3.4 - Le en voz alta textos sinxelos e previamente traballados de forma oral, con entoación e pronuncia comprensibles. | | | | | PROCEDEMENTO<br><br>S:<br><br>INSTRUMENTOS: | CCL<br>CAA |
| **Bloque 4: Produción de textos escritos** | | | | | | | |
| PLE-B4.1 | 2º-PLEB4.1 - Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral. | Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá | | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. Portfolio. | CCL |
| PLE-B4.2 | 2º-PLEB4.2 - Escribe pequenos diálogos ou narracións moi sinxelas e breves seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical máis sinxela. | | | | | PROCEDEMENTO<br><br>S:<br><br>INSTRUMENTOS: | CCL |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| PLE-B4.3 | 2º-PLEB4.3 - Escribe frases moi sinxelas, organizadas con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura. | | | | | PROCEDEMENTOS<br><br>: INSTRUMENTOS: | CCL<br>CAA |
| PLE-B4.3 | 2º-PLEB4.4 - Completa unha táboa con datos persoais básicos (nome, apelido, idade...). | Completa unha táboa con datos persoais básicos | | | | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. Portfolio. | CCL<br>CAA |
| PLE-B4.3 | 2º-PLEB4.5 - Revisa o texto antes de facer a súa versión definitiva, elaborando borradores nos que se observa a reparación da ortografía e doutros aspectos relacionados coa secuencia adecuada das frases e mesmo a pertinencia das ilustracións, se é o caso. | | | | | PROCEDEMENTOS<br><br>: INSTRUMENTOS: | CCL |
| **Bloque 5: Coñecemento da lingua en consciencia intercultural** | | | | | | | |
| PLE-B5.1 | 2º-PLEB5.1 - Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festas) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura. | Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Diario de clase. | CCL<br>CA<br>A<br>CSC |
| PLE-B5.2 | 2º-PLEB5.2 - Recoñece e aplica fórmulas básicas de relación social | Recoñece e aplica fórmulas básicas de relación social | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observador externo.<br><br>INSTRUMENTOS: Observador externo. | CCL<br>CSC |
| PLE-B5.3 | 2º-PLEB5.3 - Recoñece preguntas e respostas sinxelas sobre si mesmo/a e do e das demais | Recoñece preguntas e respostas sinxelas sobre si mesmo/a e do e das demais | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Asamblea. Diario de clase. | CCL |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| PLE-B5.4 | 2º-PLEB5.4 - Diferenza saúdos de despedidas e o uso de fórmulas de cortesía (Please, Thank you, excuse me...) | Diferenza saúdos de despedidas e o uso de fórmulas de cortesía | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observador externo.<br><br>INSTRUMENTOS: Observador externo. | CCL<br>CSC |
| PLE-B5.5 | 2º-PLEB5.5 - Identifica, | Identifica, asocia e menciona | | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos | CCL |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | asocia e menciona palabras e frases simples moi próximos á súa idade con imaxes ilustrativas que clarifican o seu significado. | palabras próximas a súa idade con imaxes ilustrativas. | | | | alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Producións orais. Caderno de clase. | |
| PLE-B5.6 | 2º-PLEB5.6 - Adquire as rutinas de saúdos e despedidas e diríxese aos demais utilizando as fórmulas de cortesía básicas. | Adquire as rutinas de saúdos e despedidas e diríxese aos demais utilizando as fórmulas de cortesía básicas. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observador externo.<br><br>INSTRUMENTOS: Observador externo. | CCL |
| PLE-B5.7 | 2º-PLEB5.7 - Expresa e identifica a posesión referida a si mesmo/a e a unha terceira persoa. | | | | | PROCEDEMENTOS:<br><br>INSTRUMENTOS: | CCL |
| PLE-B5.8 | 2º-PLEB5.8 - Expresa e identifica o que lle gusta e o que non lle gusta. | Expresa e identifica o que lle gusta e o que non lle gusta. | | | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Producións orais. | CCL |
| PLE-B5.9 | 2º-PLEB5.9 - Estrutura adecuadamente elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa os nexos máis básicos. | | | | | PROCEDEMENTOS:<br><br>INSTRUMENTOS: | CCL<br>CSC |
| PLE-B5.10 | 2º-PLEB5.10 - Diferenza preguntas e respostas moi sinxelas | Diferenza preguntas e respostas moi sinxelas | | X | | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Producións orais. | CCL<br>CSC |
| PLE-B5.11 | 2º-PLEB5.11 - Memoriza rutinas lingüísticas básicas e moi sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas interaccións de aula e | | | | | PROCEDEMENTOS:<br><br>INSTRUMENTOS: | CCL |
| PLE-B5.12 | 2º-PLEB5.12 - Participa | | | | | PROCEDEMENTOS: | CCL |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados, dramatizacións, etc. | | | | | INSTRUMENTOS: | CSC |
| PLE-B5.13 | 2º-PLEB5.13 - Expresa estados de ánimo elementais (happy/sad, bored...). | Expresa estados de ánimo elementais | | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Producións orais. | CCL<br>CAA |
| PLE-B5.14 | 2º-PLEB5.14 - Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos infantís moi sinxelos e escribir con léxico traballado previamente de forma oral | Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula. | X | X | | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Producións orais. | CCL<br>CSC |
| PLE-B5.15 | 2º-PLEB5.15 - Amosa interese por comunicarse na lingua estranxeira nas interaccións de aula. | Amosa interese por comunicarse na lingua estranxeira nas interaccións de aula. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observador externo.<br><br>INSTRUMENTOS: Producións orais. Observador externo. | CCL |
| PLE-B5.15 | 2º-PLEB5.16 - Compara aspectos moi básicos e elementais (gráficos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece. | | | | | PROCEDEMENTOS:<br><br>INSTRUMENTOS: | CCL |

* Indícase entre paréntese a porcentaxe de ponderación de cada instrumento de avaliación, no caso de haber máis dun, de cara a obter a cualificación final.

| TEMPORALIZACIÓN, PONDERACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DO CURSO | | | |
|---|---|---|---|
| **CURSO** | Inglés primaria | | |
| **NIVEL** | 4º PRIMARIA | **ÁREA** | Primeira Lingua Estranxeira (PLE) |

| **Criterio de avaliación** | **Estándares** | **Grao mínimo para superar a área** Indicador mínimo de logro | **T 1** | **T 2** | **T 3** | **CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN** **Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación (%)*** | **C.C.** |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Bloque 1: Comprensión de textos orais** | | | | | | | |
| PLE-B1.1 | 4º-PLEB1.1 - Comprende o sentido global e a información mais importantes de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá procedentes de medios audiovisuais ou da Internet adecuados a súa idade. | | | | | PROCEDEMENTOS:<br>INSTRUMENTOS: | CCL |
| PLE-B1.2 | 4º-PLEB1.2 - Comprende os puntos principais e recoñece palabras e expresións coñecidas en textos orais (contos, cancións e conversas) sobre temas familiares ou do seu interese e expresados con claridade e que conten con apoio visual. | sobre temas familiares ou do seu interese e expresados con claridade e que conten con apoio visual.Comprende os puntos principais e recoñece palabras e expresións coñecidas en textos orais | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br>INSTRUMENTOS: Diario de clase. | CCL |
| PLE-B1.2 | 4º-PLEB1.3 - Identifica a información máis relevante en interaccións orais nas que participa que traten sobre temas familiares | Identifica a información máis relevante en interaccións orais nas que participa que traten sobre temas familiares procedentes de diferentes medios de comunicación | | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br>INSTRUMENTOS: Diario de clase. | CCL<br>CAA |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | procedentes de diferentes medios de comunicación e da Internet. | e da Internet. | | | | | |
| PLE-B1.3 | 4º-PLEB1.4 - Escoita atentamente en interaccións cara a cara, sen interromper. | Escoita atentamente en interaccións cara a cara, sen interromper. | X | | X | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Posta en común. Diario de clase. | CCL<br>CSC |
| PLE-B1.3 | 4º-PLEB1.5 - Interese e respecto polas intervencións orais alleas en prol da mellora da súa pronuncia, entoación e acentuación. | Interese e respecto polas intervencións orais alleas | | | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Diario de clase. | CCL<br>CSC |
| **Bloque 2: Producións de textos orais** | | | | | | | |
| PLE-B2.1 | 4º-PLEB2.1 - Participa en situacións reais ou simuladas de comunicación breves e elementais, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas do seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata, cunha pronuncia e entoación comprensibles. | Participa en situacións reais ou simuladas de comunicación breves | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Producións orais. | CCL<br>CSC |
| PLE-B2.2 | 4º-PLEB2.2 - Pregunta e responde para dar/obter información en interaccións cotiás. | Pregunta e responde para dar/obter información en interaccións cotiás. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Posta en común. | CCL |
| PLE-B2.2 | 4º-PLEB2.3 - Amosa unha actitude de escoita atenta. | Amosa unha actitude de escoita atenta. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Escala de observación. | CSC |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| PLE-B2.3 | 4º-PLEB2.4 - Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, conversas telefónicas ou dramatizacións). | Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Producións orais. Xogos de simulación e dramáticos. | CCL<br>CSC |
| PLE-B2.3 | 4º-PLEB2.5 - Manifesta interese e respecto polas apartacións do seus compañeiros/as. | Manifesta interese e respecto polas apartacións do seus compañeiros/as. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observador externo.<br><br>INSTRUMENTOS: Observador externo. | CSC |
| PLE-B2.4 | 4º-PLEB2.8 - Amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira nas diferentes situacións comunicativas. | Amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira nas diferentes situacións comunicativas. | | X | X | PROCEDEMENTOS: Observador externo.<br><br>INSTRUMENTOS: Observador externo. | CCL<br>CSC |
| PLE-B2.4 | 4º-PLEB2.9 - Domina progresivamente aspectos fonéticos, do ritmo, da acentuación e da entoación da lingua estranxeira para a produción de textos orais. | Domina progresivamente aspectos fonéticos, do ritmo, da acentuación e da entoación da lingua estranxeira para a produción de textos orais. | | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Diario de clase. Lista de control/cotexo. | CCL |
| **Bloque 3: Comprensión de textos escritos** | | | | | | | |
| PLE-B3.1 | 4º-PLEB3.1 - Comprende frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral. | Comprende frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Diario de clase. | CCL |
| PLE-B3.1 | 4º-PLEB3.2 - Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo acompañado de apoio visual, acorde a súa idade procedente dos medios de comunicación adaptados a súa competencia lingüística. | Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo acompañado de apoio visual | | X | | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Diario de clase. Portfolio. | CCL |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| PLE-B3.2 | 4º-PLEB3.3 - Amosa interese pola lectura nunha lingua estranxeira. | Amosa interese pola lectura nunha lingua estranxeira. | | X | X | PROCEDEMENTOS: Observador externo.<br><br>INSTRUMENTOS: Observador externo. | CCL<br>CAA |
| PLE-B3.2 | 4º-PLEB3.4 - Selecciona contos, narracións ou outro material escrito da biblioteca de aula para a | | | | | PROCEDEMENTOS:<br><br>INSTRUMENTOS: | CCL<br>CSIEE |
| | súa lectura autónoma acordes a súa idade e intereses | | | | | | |
| PLE-B3.2 | 4º-PLEB3.5 - Iniciase progresivamente no uso autónomo de estratexias de comprensión lectora. | | | | | PROCEDEMENTOS:<br><br>INSTRUMENTOS: | CCL<br>CAA |
| PLE-B3.3 | 4º-PLEB3.6 - Formula hipóteses sobre o texto a partir de elementos icónicos e títulos que o acompañan, e compróbaas. | | | | | PROCEDEMENTOS:<br><br>INSTRUMENTOS: | CCL<br>CSIEE |
| PLE-B3.3 | 4º-PLEB3.7 - Valora a lingua escrita como medio de comunicación. | Valora a lingua escrita como medio de comunicación. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observador externo.<br><br>INSTRUMENTOS: Observador externo. | CCL<br>CAA |
| PLE-B3.3 | 4º-PLEB3.8 - Amosa interese por informarse, comunicarse e aprender a través dos textos escritos. | Amosa interese por informarse, comunicarse e aprender a través dos textos escritos. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observador externo.<br><br>INSTRUMENTOS: Observador externo. | CCL<br>CSIEE |
| **Bloque 4: Produción de textos escritos** | | | | | | | |
| PLE-B4.1 | 4º-PLEB4.1 - Escribe frases sinxelas relacionadas con temas da súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral. | Escribe frases sinxelas relacionadas con temas da súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. Portfolio. | CCL |
| PLE-B4.1 | 4º-PLEB4.2 - Escribe conversas sinxelas, seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical coñecida. | | | | | PROCEDEMENTOS:<br><br>INSTRUMENTOS: | CCL |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| PLE-B4.1 | 4º-PLEB4.3 - Escribe textos sinxelos, organizados con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura propios de | | | | | PROCEDEMENTOS:<br><br>INSTRUMENTOS: | CCL |
| | situacións de relación interpersoal (invitacións, notas e avisos). | | | | | | |
| PLE-B4.2 | 4º-PLEB4.4 - Completa un formulario en liña cos seus datos persoais e dos e das demais (nome, apelido, idade...). | Completa un formulario en liña cos seus datos persoais e dos e das demais | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. Textos escritos. | CCL |
| PLE-B4.2 | 4º-PLEB4.5 - Responde de forma escrita a preguntas sobre temas traballados en clase como, por exemplo, onde está un obxecto ou un lugar, de que cor é un obxecto, que hora é, cales son os seus gustos ou se hai algo nun determinado lugar | Responde de forma escrita a preguntas sobre temas traballados en clase | X | X | | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. Portfolio. | CCL |
| PLE-B4.2 | 4º-PLEB4.6 - Escribe correspondencia persoal simple en soporte papel ou dixital falando de si mesmo/a e da súa contorna inmediata. | | | | | PROCEDEMENTOS:<br><br>INSTRUMENTOS: | CCL |
| PLE-B4.3 | 4º-PLEB4.7 - Produce textos escritos significativos,en soporte papel ou dixital, de forma individual ou en parella seguindo o modelo traballado. | | | | | PROCEDEMENTOS:<br><br>INSTRUMENTOS: | CCL CD CSC |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| PLE-B4.3 | 4º-PLEB4.8 - Utiliza de xeito guiado as TIC para a produción de textos sinxelos. | Utiliza de xeito guiado as TIC para a produción de textos sinxelos. | | | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Textos escritos. | CCL CD |
| PLE-B4.8 | 4º-PLEB4.9 - Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas | Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas etc. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. | CAA CSIEE |
| | etc. | | | | | | |
| PLE-B4.8 | 4º-PLEB4.10 - Amosa interese por utilizar a lingua estranxeira escrita de forma correcta en situacións variadas atendendo á súa corrección ortográfica | Amosa interese por utilizar a lingua estranxeira escrita de forma correcta en situacións variadas | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Textos escritos. | CCL CAA |
| **Bloque 5: Coñecemento da lingua en consciencia intercultural** | | | | | | | |
| PLE-B5.1 | 4º-PLEB5.1 - Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festividades...) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente. | Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Diario de clase. | CCL CAA CSC |
| PLE-B5.2 | 4º-PLEB5.2 - Amosa curiosidade por aprender a lingua estranxeira e a súa cultura. | Amosa curiosidade por aprender a lingua estranxeira e a súa cultura. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observador externo.<br><br>INSTRUMENTOS: Observador externo. | CCL CSC |
| PLE-B5.3 | 4º-PLEB5.3 - Inicia e remata as interaccións adecuadamente. | | | | | PROCEDEMENTOS:<br><br>INSTRUMENTOS: | CCL CAA CSC |
| PLE-B5.4 | 4º-PLEB5.4 - .Pregunta e responde de xeito comprensible en actividades de aprendizaxe cotiás en distintos contextos. | .Pregunta e responde de xeito comprensible en actividades de aprendizaxe cotiás | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Posta en común. Xogos de simulación e dramáticos. | CCL CSC |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| PLE-B5.5 | 4º-PLEB5.5 - Expresa, identifica e distingue os tramos horarios e as rutinas do día, prezos, vestimentas | Expresa, identifica e distingue os tramos horarios e as rutinas do día, prezos, vestimentas | | X | | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Producións orais. | CCL |
| PLE-B5.6 | 4º-PLEB5.6 - Pregunta e responde de xeito comprensible sobre a localización (obxectos, espazos, seres vivos ). | Pregunta e responde de xeito comprensible sobre a localización | | | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Producións orais. | CCL<br>CSC |
| PLE-B5.7 | 4º-PLEB5.7 - Pregunta e responde de xeito comprensible sobre o permiso, o acordo, a preferencia, desexo ou a capacidade. | Pregunta e responde de xeito comprensible sobre o permiso, o acordo, a preferencia, desexo ou a capacidade. | | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Producións orais. | CCL<br>CSC |
| PLE-B5.8 | 4º-PLEB5.8 - Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos básicos. | | | | | PROCEDEMENTOS:<br><br>INSTRUMENTOS: | CCL |
| PLE-B5.9 | 4º-PLEB5.9 - Diferenza preguntas e respostas moi simples, así como as que achegan información.. | Diferenza preguntas e respostas moi simples, así como as que achegan información.. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Producións orais. Diario de clase. | CCL |
| PLE-B5.10 | 4º-PLEB5.10 - Memoriza rutinas lingüísticas para desenvolverse nas interaccións habituais. | Memoriza rutinas lingüísticas para desenvolverse nas interaccións habituais. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observador externo.<br><br>INSTRUMENTOS: Producións orais. Observador externo. | CCL<br>CAA |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| PLE-B5.12 | 4º-PLEB5.12 - Compara aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas. | | | | | PROCEDEMENTOS:<br><br>INSTRUMENTOS: | CCL<br>CAA |
| PLE-B5.13 | 4º-PLEB5.13 - Comprende e usa adecuadamente o vocabulario necesario para | Comprende e usa adecuadamente o vocabulario necesario para participar nas interaccións da aula | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observador externo. | CCL<br>CAA |
| | participar nas interaccións da aula ou fóra da aula, ler textos próximos á súa idade e escribir con léxico traballado previamente | | | | | INSTRUMENTOS: Producións orais. Observador externo. | |

| abter a cualificación final TEMPORALIZACIÓN, PONDERACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DO CURSO | | | |
|---|---|---|---|
| **CURSO** | Inglés Primaria 5º | | |
| **NIVEL** | 5º PRIMARIA | **ÁREA** | Primeira Lingua Estranxeira (PLE) |

| TEMPORALIZACIÓN, PONDERACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DO CURSO | | | |
|---|---|---|---|
| **CURSO** | inglés primaria 6º | | |
| **NIVEL** | 6º PRIMARIA | **ÁREA** | Primeira Lingua Estranxeira (PLE) |

| **Criterio de avaliación** | **Estándares** | **Grao mínimo para superar a área** Indicador mínimo de logro | **T 1** | **T 2** | **T 3** | **CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN** **Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación (%)*** | **C.C.** |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Bloque 1: Comprensión de textos orais** | | | | | | | |
| PLE-B1.1 | 6º-PLEB1.1 - Comprende o esencial de anuncios publicitarios sobre produtos que lle interesan (xogos, ordenadores, CD etc.). | Comprende o esencial de anuncios publicitarios. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Observador externo.<br><br>INSTRUMENTOS: Diario de clase. Observador externo. | CCL<br>CAA |
| PLE-B1.2 | 6º-PLEB1.2 - Comprende mensaxes e anuncios públicos que conteñan instrucións, indicacións ou outro tipo de información (por exemplo, números, prezos, horarios, nunha estación ou nuns grandes almacéns). | Comprende mensaxes e anuncios públicos que conteñan instrucións, indicacións ou outro tipo de información. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. Observación sistemática. Observador externo.<br><br>INSTRUMENTOS: . Observador externo. | CCL<br>CAA |
| PLE-B1.2 | 6º-PLEB1.3 - Entende o que se lle di en transaccións habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos). | Entende o que se lle di en transaccións habituais sinxelas. | | X | X | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Asamblea. | CCL<br>CAA<br>CSC |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| PLE-B1.3 | 6º-PLEB1.4 - Identifica o tema dunha conversa cotiá predicible que ten lugar na súa presenza (por exemplo, nunha tenda, nun | Identifica o tema dunha conversa cotiá. | | | X | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Asamblea. | CCL<br>CAA<br>CSC |
| | tren). | | | | | | |
| PLE-B1.3 | 6º-PLEB1.5 - Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou un lugar. | Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa. | | X | X | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Asamblea. | CCL<br>CAA<br>CSC |
| PLE-B1.4 | 6º-PLEB1.6 - Comprende as ideas principais de presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares ou do seu interese (por exemplo, música, deporte etc.), a condición de que conte con imaxes e ilustracións e se fale de maneira lenta e clara. | Comprende as ideas principais de presentacións sinxelas. | | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Escala de observación. | CAA |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| PLE-B1.4 | 6º-PLEB1.7 - Comprende o sentido xeral e o esencial e distingue os cambios de tema de programas de televisión ou doutro material audiovisual e multimedia dentro da súa área de interese (p. e. nos que se entrevista a mozos e mozas ou personaxes coñecidos ou coñecidas sobre temas cotiás (por exemplo, o que lles gusta facer no seu tempo libre) ou nos que se informa sobre actividades de lecer (teatro, cinema, eventos deportivos etc.). | | | | | PROCEDEMENTOS:<br><br>INSTRUMENTOS: | CCL<br>CAA |

| Bloque 2: Producións de textos orais |
|---|

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| PLE-B2.1 | 6º-PLEB2.1 - Fai presentacións breves e sinxelas, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas cotiás ou do seu interese (presentarse e presentar a outras persoas; dar información básica sobre si mesmo, a súa familia e a súa clase; indicar as súas afeccións e intereses e as principais actividades do seu día a día; describir brevemente e de maneira sinxela a súa habitación, o seu menú preferido, o aspecto exterior dunha persoa, ou un obxecto; presentar un tema que lle interese (o seu grupo de música preferido); dicir o que lle gusta e non lle gusta e dar a súa opinión)usando estruturas sinxelas e cunha pronuncia e entoación comprensible. | Fai presentacións breves e sinxelas. | | | X | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Asamblea. | CCL<br>CAA |
| **Bloque 3: Comprensión de textos escritos** | | | | | | | |
| PLE-B3.1 | 6º-PLEB3.1 - Comprende instrucións, indicacións, e información básica en notas, letreiros e carteis en rúas, tendas, medios de transporte, cinemas, museos, colexios, e outros servizos e lugares públicos | Comprende instrucións, indicacións, e información básica en notas, letreiros e carteis en rúas, tendas, medios de transporte, cinemas, museos, colexios, e outros servizos e lugares públicos | | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Escala de observación. | CCL<br>CAA |
| PLE-B3.2 | 6º-PLEB3.2 - Comprende información esencial e localiza información | Comprende información esencial e localiza información específica. | | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Escala de observación. | CCL<br>CAA |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, catálogos, listas de prezos, anuncios, guías telefónicas, publicidade, folletos turísticos, programas culturais ou de eventos etc. | | | | | | |
| PLE-B3.2 | 6º-PLEB3.3 - Comprende correspondencia (SMS, correos electrónicos, postais e tarxetas) breve e sinxela que trate sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou un lugar, a indicación da hora e o lugar dunha cita etc. | Comprende correspondencia (SMS, correos electrónicos, ...) | | | X | PROCEDEMENTOS: Cuestionarios.<br><br>INSTRUMENTOS: Cuestionario pechado. | CCL<br>CAA |
| PLE-B3.3 | 6º-PLEB3.4 - Comprende o esencial e os puntos principais de noticias breves e artigos de revistas para mozas e mozos que traten temas que lle sexan familiares ou sexan do seu interese (deportes, grupos musicais, xogos de ordenador). | Comprende o esencial e os puntos principais de noticias breves e artigos de revistas para mozas e mozos que traten temas que lle sexan familiares. | | | X | PROCEDEMENTOS: Cuestionarios.<br><br>INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto. | CCL<br>CAA |
| PLE-B3.3 | 6º-PLEB3.5 - Comprende o esencial de historias breves e ben estruturadas e identifica os e as personaxes principais, a condición de que a imaxe e a acción conduzan gran parte do argumento | Comprende o esencial de historias breves. | | | X | PROCEDEMENTOS: Cuestionarios.<br><br>INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto. | CCL<br>CAA |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | (lecturas adaptadas, cómics etc.). | | | | | | |
| PLE-B3.4 | 6º-PLEB3.6 - Emprega de forma axeitada os signos ortográficos básicos (p. e. punto, coma), así como símbolos de uso frecuente (p. e. ?, @, ?). | Emprega de forma axeitada os signos ortográficos básicos . | | | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Escala de observación. | CCL |
| **Bloque 4: Produción de textos escritos** | | | | | | | |
| PLE-B4.1 | 6º-PLEB4.1 - Completa un breve formulario ou unha ficha cos seus datos persoais (por exemplo, para rexistrarse nas redes sociais, para abrir unha conta de correo electrónico etc.). | Completa un breve formulario ou unha ficha cos seus datos persoais | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Cuestionarios.<br><br>INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto. | CCLCD CAA |
| PLE-B4.7 | 6º-PLEB4.2 - Escribe correspondencia persoal breve e simple (mensaxes, notas, postais, correos, chats ou SMS) na que dá as grazas, felicita a alguén, fai unha invitación, dá instrucións, ou fala de si mesmo/a e da súa contorna inmediata (familia, amigos e amigas, afeccións, actividades cotiás, obxectos e lugares) e fai preguntas relativas a estes temas. | Escribe correspondencia persoal breve e simple . | | | X | PROCEDEMENTOS: Cuestionarios.<br><br>INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto. | CCL CDCAA CSC |
| **Bloque 5: Coñecemento da lingua en consciencia intercultural** | | | | | | | |
| PLE-B5.1 | 6º-PLEB5.1 - Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa que traten sobre temas familiares como, | Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa . | | | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Escala de observación. | CCL CAA CSC |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | por | | | | | | |
| | exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou dun lugar. | | | | | | |
| PLE-B5.2 | 6º-PLEB5.2 - Desenvólvese en transaccións cotiás (p. e. pedir nunha tenda un produto e preguntar o prezo). | Desenvólvese en transaccións cotiás. | | | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Escala de observación. | |
| PLE-B5.3 | 6º-PLEB5.3 - Participa en conversas cara a cara ou por medios técnicos (teléfono, Skype) nas que se establece contacto social (dar as grazas, saudar, despedirse, dirixirse a alguén, pedir desculpas, presentarse, interesarse polo estado de alguén, felicitar a alguén), se intercambia información persoal e sobre asuntos cotiás, se expresan sentimentos, se ofrece algo a alguén, se pide prestado algo, queda con amigos e amigas ou se dan instrucións (p. e. como se chega a un sitio con axuda dun plano). | Participa en conversas cara a cara . | | | X | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Asamblea. | |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| PLE-B5.4 | 6º-PLEB5.4 - Participa nunha entrevista, p. e. médica nomeando partes do corpo para indicar o que lle doe. | Participa nunha entrevista, p. e. médica nomeando partes do corpo para indicar o que lle doe. | | | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Escala de observación. |
| PLE-B5.5 | 6º-PLEB5.5 - Compara aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas. | Compara aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe. | | | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Escala de observación. |

* Indícase entre paréntese a porcentaxe de ponderación de cada instrumento de avaliación, no caso de haber máis dun, de cara a obter a cualificación final.

## 5. METODOLOXÍA

A metodoloxía é a parte máis aberta e flexible do currículo. Malia a que a nosa metodoloxía é ecléctica, o **método comunicativo** ten unha importancia básica na formulación de cada unidade. Intentaremos ensinar aos alumnos como usar a linguaxe de xeito activo en propósitos reais ou semireais.

O noso principal obxectivo é desenvolver as habilidades orais, empezando polo "listening" e o "speaking" e pasando ao "reading" e "writing".

Para adquirir a **Competencia Comunicativa** (CC), a exposición á lingua estranxeira debe ser constante, polo que usaremos o inglés como a lingua vehicular na clase.

Promoveremos a capacidade de aprender a aprender do alumnado por medio de distintos tipos de agrupación na aula.

Apoiaremos as leccións con recursos TIC e material auténtico e semi-auténtico. Na mesma, as actividades propostas serán comunicativas, auténticas e postas en contexto.

A **Communicative Approach** céntrase no alumno, o que significa que os alumnos son unha parte fundamental do proceso de ensino-aprendizaxe. Seguindo a Nunan (1988) esta programación considera o **Learner-Centred Teaching** (LCT) e toma en consideración as necesidades e intereses do alumnado, así como os seus coñecementos previos para promover a aprendizaxe significativa**.**

**O punto de partida da aprendizaxe dos alumnos son os seus primeiros coñecementos previos**; centrándonos naquilo que resulta familiar e próximo ao alumnado pero cunha vertente de fantasía para lograr o equilibrio entre a seguridade/benestar co interese/imaxinación.

**Os nenos aprenden de distintas formas e a ritmos diferentes**; por iso o noso proxecto está deseñado para ser utilizado con flexibilidade de modo que todos os integrantes do grupo poidan participar e atopen actividades nas que poden aplicar coñecementos e aptitudes, facilitando o desenvolvemento da propia conciencia de logros, e do progreso que logran día a día. Ademais facilitaremos apoio para aqueles nenos e nenas que o requiran e actividades de ampliación, para os máis avanzados.

Outras técnicas como a **Total Physical Response** (TPR) de James Asher (1977) tamén serán usadas, facendo énfase na comprensión e respostas físicas.

**As situacións comunicativas que inclúen o humor e o xogo captan a motivación do alumnado e facilitan a aprendizaxe; por iso é importante ter en conta a importancia das**

**cancións e historias, as características dos personaxes, as ilustracións e mesmo os efectos sonoros das gravacións.**

**A aprendizaxe a nivel de competencias** persegue o desenvolvemento do potencial de cada alumno, das súas capacidades, preparar o alumnado para que poida afrontar os retos persoais ao longo da súa vida con éxito. Os alumnos non só terán que adquirir uns coñecementos, senón que deberán ser capaces de acceder a eles e aplicalos nos diferentes contextos da súa vida e contextualizalos.

**Considerar o progreso pero tamén o erro como algo natural no proceso de aprendizaxe**. Pero é importante facer unha distinción entre erro e equivocación. Considérase erro o fallo sistemático debido a un mal ou escaso coñecemento da lingua. Estes erros corrixiranse ao finalizar as interaccións orais, en grupo e cunha linguaxe accesible e sempre tendo en conta que non desaparecen repentinamente, senón que requiren o seu tempo. A equivocación é un fallo ocasional debido a unha falta de atención nun momento determinado, que o mesmo lle pode acontecer a un falante nativo. Non paga a pena corrixir as equivocacións porque non son relevantes do proceso de ensino-aprendizaxe.

**A aprendizaxe globalizada xera o desenvolvemento da realidade como un todo nos alumnos**. O noso proxecto toma en conta esta situación ao ofrecer actividades interrelacionadas coas outras áreas curriculares, empezando polo coñecemento do mesmo neno e a continuación coa exploración do mundo que os rodea; a súa casa, o seu colexio, o seu medio e a súa sociedade en xeral. Este desenvolvemento reflíctese nos temas de cada unidade, que se relacionan coas demais áreas do Currículo: Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, Educación Artística, Matemáticas, Educación Física, etc.

**Unha aprendizaxe permanente.** Non hai saberes que se adquiran exclusivamente nunha determinada materia e só serven para ela (sobre todo nesta e para esta). Con todo o que o alumno aprende nas diferentes materias (e non só na institución escolar) constrúe unha bagaxe cultural e de información que debe servirlle para o conxunto da súa vida. Por iso, as competencias básicas poden alcanzarse se non en todas, si na maioría das materias curriculares (transversalidade).

**Fases da sesión e Actividades**

**As actividades que levaremos a cabo contribuirán á adquisición da CC. Ao comezo de cada sesión faremos unha serie de rutinas: saúdos e escribimos a data. Ao rematar despedirémonos do alumnado. Seguindo a Brumfit e Johnson (1979), diferenciamos tres fases na lección:**

**Na fase de presentación** presentaremos os contidos dun xeito atractivo, usando material audio-visual, historias, dramatizacións e cancións.

**Na fase de práctica** queremos que os alumnos/as interioricen as novas estruturas lingüísticas e funcións comunicativas, relacionándoas sempre co tema. Requiriremos que o alumnado repita e traballe a nova linguaxe/vocabulario dun xeito controlado.

**Na fase de produción** os alumnos e alumnas aplicarán o aprendido en contextos e situacións comunicativas variadas, a través de diferentes actividades como xogos, diálogos, dramatizacións, etc.

## 6. MATERIAIS E RECURSOS

Os recursos didácticos son fundamentais para a práctica educativa nunha clase con distintos tipos e ritmos de aprendizaxe. Como consecuente, é importante usar unha grande variedade deles para crear unha atmosfera motivadora e espertar o interese entre os alumnos e conseguir acadar a CC e desenvolver as catro destrezas básicas. Estes materiais inclúen:

- **Materiais visuais:** Libro de texto e lectura, caderno, worksheets, posters, realia, flashcards, fotos.
- **Xogos:** abracadabra, act it out, dominó, bingos, quizzes, etc.
- **Materiais audio-visuais:** pequenos clips, CD-ROMs, música.
- **TIC:** computadores, Internet, proxector, micrófonos, etc.

## 7. <u>CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO</u>

A **avaliación por competencias** permite avaliar tanto o cumprimento dos obxectivos do curso, como o grao de adquisición das competencias básicas. Algúns **criterios** son ligados expresamente a conceptos, e outros, preferentemente á procedementos e actitudes.

Para a recollida de información da avaliación teremos en conta os seguintes **instrumentos**:

- Observación directa e sistemática do alumnado.
- Seguimento dos traballos realizados (actividades diarias-complementarias, de reforzo, presentación das tarefas no caderno de traballo, proxectos realizados das unidades traballadas...)
- Comprobación e interese pola participación nas actividades individuais ou colectivas, de expresión oral e escrita.
- Entrevistas ou diálogos directos cos alumnos/as, a nivel do grupo-clase ou de forma particular e individual.
- Rexistro dos datos (traballo diario, tests das unidades traballadas, rúbricas Quest…)

O peso de cada parte avaliada aparece a continuación no cadro de porcentaxes.

**1º, 2º, 3º de Primaria**

| ELEMENTOS | CONCEPTOS/ITEMS | PORCENTAXES |
|---|---|---|
| **Work in class and Participation** | Participación en actividades propostas diariamente na clase e interacción cos compañeiros. *Speaking & Listening*<br>Actividades/exercicios realizados na clase. *Reading & Writing* | ***50%*** |
| **Actitude/Beh.** | Actitude na aula cara a materia, os compañeiros, mestre(s), mobiliario e material. | ***10%*** |
| **Homework** | Pendente, extra ou de ampliación. | ***10%*** |
| **Probas puntuais** | Probas orais e escritas | ***30%*** |

**4, 5º e 6º de Primaria**

| ELEMENTOS | CONCEPTOS/ITEMS | | PORCENTAXES |
|---|---|---|---|
| **Work in class and Participation** | Participación en actividades propostas diariamente na clase e interacción cos compañeiros. *Speaking & Listening*<br>Actividades/exercicios realizados na clase. *Reading & Writing* | | ***50%*** |
| | Corrección, organización e limpeza do caderno | | |
| | Homework (pendente, extra ou de ampliación) | | |
| **Actitude/Beh.** | Actitude na aula cara a materia, os compañeiros, mestre(s), mobiliario e material. | | ***10%*** |
| **Probas puntuais** | Probas orais e escritas | | ***40%*** |

## 8. EDUCACIÓN EN ELEMENTOS TRASVERSAIS

A educación en valores está relacionada cos temas transversais que serán traballados de xeito integral en tódalas áreas para fomentar o desenvolvemento de persoas con hábitos e costumes socialmente correctos.

- Educación para a saúde e a calidade de vida (importancia da hixiene, hábitos correctos de alimentación e descanso…)
- Educación para ser consumidores responsables
- Educación ambiental (respecto aos animais, o contorno, consumo responsable da auga, reciclaxe…)
- Educación para o lecer: as festas tradicionais (Magosto, Nadal…)
- Educación para a paz: fomentar o diálogo, as conversas nas familias sobre a tolerancia e convivencia…
- Educación para a igualdade entre os sexos: responsabilidades e tarefas na casa e no traballo, igualdade de oportunidades…

## 9. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Posto que os grupos son bastante heteroxéneos e atópanse diferentes ritmos e formas de aprendizaxe, tomaranse diferentes medidas para atender de xeito adecuado á totalidade do alumnado. Para iso, previamente teremos en conta a CONTEXTUALIZACIÓN das clases, e, a partir de aquí ter presentes aquelas particularidades que se deban atender dun xeito máis individualizado, xa que o alumno ten o papel central na aprendizaxe.

Proporanse de xeito consensuado diferentes actividades de recuperación, reforzo e/ou ampliación ao longo de todo o curso escolar na procura dunha avaliación continua e progresiva como indica o sistema de cualificación. Deste xeito quedarán reflectidas nas unidades as actividades e medidas adoptadas de atención á diversidade: rebaixando ou aumentando o nivel de esixencia con actividades de reforzo ou ampliación, graduando a dificultade nas fichas de traballo, empregando recursos que requiran distintos estilos de aprendizaxe, fomentando situacións de interacción en grupo para evitar tanto rexeitamento entre compañeiros/as, establecer diferentes tipos de agrupamento en función da actividade, ter actividades ou fichas preparadas para "fast finishers" (ós máis capacitados e que rematan antes), animar a que algúns fagan de "axudantes do mestre" en favor dos que van máis lentos, fomentar a confianza en si mesmos onde o erro teña cabida como estratexia de autoaprendizaxe, traballo por parellas con fichas e tarxetas, fomentando a cooperación entre eles, etc.

Nalgunhas ocasións, contamos con adaptacións curriculares, será preciso a adecuación da propia metodoloxía ademais dos contidos.

Ademais é moi importante fomentar e aumentar a autoavaliación (ser conscientes da súa propia evolución e progreso nas aprendizaxes novas) a través dun autorrexistro de aula e fomentar a implicación das familias nas aprendizaxes e manter os contactos precisos.

## 10. PROPOSTAS DE MELLORA

Coa finalidade de valorar aspectos do desenrolo da programación docente, revisaremos os diferentes puntos:

- Revisión dos estándares seleccionados: grao de dificultade, adecuación na etapa...
- Análise do grao mínimo esixido para superar a área.
- Adecuación da temporalización.
- Contribución á adquisición das competencias alcanzadas.
- Valoración da metodoloxía empregada.
- Revisión dos criterios de cualificación: instrumentos, procedementos, porcentaxes.

## 11. MEDIDAS ADOPTADAS NA PANDEMIA COVID 19

Aplicaranse as medidas de continxencia por mor da Pandemia recollidas a nivel de centro.

Alejandra Garrido Aguete
Mercedes Fernández Prego